

Castelao, ministro do Goberno Giral: o galeguismo situado nunha “simbólica Fisterra”

Isabel Gómez Rivas
Universidad Complutense

“Agora ímonos a Franza, non sei se para retornar ou para seguir viaxe a España...”¹. Entre a dúbida e a esperanza, deste xeito se expresaba Alfonso Daniel Rodríguez Castelao nas vésperas de emprender a súa viaxe a París para incorporarse, como ministro sen carteira, ó goberno presidido por José Giral. Era a primeira ocasión —e ó cabo revelaríase como a derradeira— en que o nacionalismo galego ía participar nas institucións da República no exilio. O elixido para asumir esa representación era o escritor e debuxante coruñés que, nos primeiros días da Segunda República e coa vista posta no horizonte dunha “bella causa: la de depertar el alma de Galicia”², entrara no mundo da política. Dende o seu escano como deputado polo Partido Galeguista, tanto nas Cortes Constituíntes como tralas eleccións de febreiro de 1936, Castelao foi a voz que defendeu o Estatuto de Autonomía para Galicia, un Estatuto que non chegaría a ver aprobado. Sen embargo, non perdeu as súas esperanzas.

Despois da victoria dos sublevados na guerra civil, o dirixente galeguista emigrou —nunca gustou chamarse a si mesmo exiliado— a Bos Aires e na “capital da diáspora” seguiu a traballar para manter en pé os dous piares nos que se asentaban os seus proxectos políticos: Galicia e a República. A fidelidade a ámbalas dúas causas levouno a París, onde, dende unha “simbólica Fisterra”, asistiu ós enfrontamentos orixinados polas divisións existentes entre os republicanos; á claudicación final que, na súa opinión, supuxo optar pola bandeira vermella e amarela; á indiferencia que recibiron por resposta as súas peticións para que fora aprobado o Estatuto de Autonomía, e ó desamparo en que as potencias occidentais deixaron ás institucións republicanas no exilio.

¹ Carta de Castelao a Rodolfo Prada, datada en Bos Aires o 17 de xullo de 1946. Cit. por PAZ-ANDRADE, Valentín, *Castelao na luz e na sombra*, 2ª ed., do Castro, Sada-A Coruña, 1986, p. 506.

² Estas palabras pertencen á primeira intervención de Castelao nas Cortes Constituíntes de 1931. CASTELAO, OTERO PEDRAYO, SUÁREZ PICALLO e VILLAR PONTE, *Discursos parlamentarios (1931-1933)*, ed. de Xosé Lois García, do Castro, Sada-A Coruña, 1978, p. 15.

A que segue é a historia dunha esperanza, que logo se transformou nunha des-
esperante soidade e inactividade e, finalmente, en decepción; é o intento de recons-
trucción da palabra e a análise que Castelao fixo daqueles episodios.

1. CONSTITUCIÓN E AMPLIACIÓN DO GOBERNO DA REPÚBLICA NO EXILIO PRESIDIDO POR GIRAL

O 17 de agosto de 1945 Diego Martínez Barrio convertíase, no transcurso
dunha reunión das Cortes celebrada no Salón de Cabidos do Palacio de Goberno de
México, no presidente interino da República. O recién nomeado, despois de acepta-la
dimisión de Juan Negrín, encomendou a José Giral a formación dun novo goberno.
Era o inicio do restablecemento das institucións republicanas no exilio.³

O 7 de novembro de 1945 José Giral presentou perante as Cortes a composi-
ción do seu gabinete. A súa constitución non fora unha tarefa doada. No seo da opo-
sición democrática ó franquismo encontrábase aberto un debate sobre a pertinencia de
que os comunistas —que entraran no goberno da man do doutor Negrín— continuaran
o foran excluídos del. A disxuntiva adquiría maior peso específico dada a conxuntura
internacional, definida pola fin da II Guerra Mundial, que avivou as esperanzas das
forzas democráticas de que as victoriosas potencias aliadas interviñeran en España
para pór fin ó réxime do xeneral Franco. Isto só sucedería, na lóxica discursiva do
presidente do consello de ministros, se se constituía un goberno de ampla representa-
tividade que acadase recoñecemento internacional. No marco desta estratexia política,
enténdese o empeño de Giral por suliñar que o seu gabinete pretendía “representar no
sólo a los partidos y organizaciones que lo integran, sino a todos los españoles demó-
cratas sin excepción”.⁴ En calquera caso, Giral non daba por pechada a composición
do goberno e intensificou as xestións para conseguí-la súa ampliación despois do
traslado da sé das institucións republicanas a París.

Resulta sintomático que a ampliación do goberno —anunciada en marzo de
1946— se realizara en plena campaña diplomática ante as potencias democráticas
occidentais. Nese contexto, o comunista Santiago Carrillo e o nacionalista galego
Alfonso Daniel Rodríguez Castelao entraron no gabinete como ministros sen carteira,
en representación das dúas forzas que quedaran fóra do primeiro goberno deseñado

³ Sobre a recuperación das institucións republicanas e a xestión do goberno Giral, véxase
TUSELL, Xavier, *La oposición democrática al franquismo, 1939-1962*, Planeta, Barcelona, 1977, pp. 120-
152; HEINE, Hartmut, *La oposición política al franquismo*, Crítica, Barcelona, 1983, pp. 157-188, e
VALLE, José María del, *Las instituciones de la República española en exilio*, Ruedo ibérico, París, 1976,
pp. 113-135.

⁴ Cit. por TUSELL, Xavier, *op. cit.*, p. 135.

por Giral⁵. Este foi un dos cambios de maior relevo que se efectuaron nesa data na composición do consello de ministros que, segundo o seu presidente, debía interpretarse como “una ampliación del Gobierno primitivo más que de una modificación”. Deste xeito expresaba que o seu programa político continuaba vixente e que con esta operación únicamente trataba de completa-lo proceso de constitución do desexado gabinete de concentración. Así, o feito de que ámbolos dous políticos foran reclamados para converterse en novos ministros sen carteira adquiría, básicamente, un valor simbólico, do que eran conscientes tanto Santiago Carrillo, coma Castelao.

A ampliación do goberno non foi ben recibida nalgúns sectores, en especial, por aquel grupo dos socialistas liderado por Indalecio Prieto, para o que a presenza de membros do Partido Comunista nas institucións da República no exilio podía despertar suspicacias entre as potencias democráticas occidentais e aborta-la cobizada intervención en España. A incorporación de Castelao ó consello de ministros non foi vista con mellores ollos, anque por razóns doutra índole.

1.1. A oposición de Indalecio Prieto ó nomeamento de Castelao

A postura de franca oposición que mantivo o sector do Partido Socialista controlado por Indalecio Prieto ante o nomeamento de Castelao como ministro do goberno Giral non sorprendeu ós galeguistas. Non era novo o enfrontamento entre o socialismo e o nacionalismo galego, de feito podería esbozarse unha historia das conflictivas relacións que sostiveron as dúas formacións políticas. Nese relato, os episodios máis ilustrativos da confrontación serían todos e cada un dos momentos —tanto durante a Segunda República, coma nas reunións mantidas polas Cortes tralo

⁵ Manuel Irujo, polos vascos, e Miguel Santaló, polos cataláns, xa obtiveran senllas carteiras ministeriais no primeiro goberno Giral. Por outra banda, tamén en marzo de 1946, ampliouse a base política que sustentaba ata o momento a Xunta Permanente de Estado, ó sumar a este órgano a participación de José Antonio Aguirre e Josep Irla i Bosch, en representación de Euskadi e Cataluña, respectivamente. Galicia —que aínda non tiña aprobado o seu Estatuto e, xa que logo, non posuía un goberno propio— quedaba fóra desta Xunta, dada a composición institucional coa que foi deseñada. Polo tanto, a incorporación de Castelao ó goberno viña a reparar esa ausencia e, en definitiva, a corrobora-la intención de Giral de non prescindir dos nacionalismos no seu proxecto de proporcionar unha extensa representatividade ás institucións da República no exilio.

⁶ Cit. por FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos, *La persecución de Castelao durante el franquismo*, do Castro, Sada-A Coruña, 1986, p. 32.

⁷ Carrillo, ó lembrar aquel episodio nas súas *Memorias* (Planeta, Barcelona, 1993, p. 393), apunta: “Lo de las carteras era entonces puramente formal pues el Gobierno Giral como tal era solamente una representación simbólica, constituyendo de hecho una especie de consejo unitario de las fuerzas republicanas”. A percepción que Castelao posuía do asunto era idéntica, como manifestou nunha carta dirixida a Dolores Ibárruri en xaneiro de 1946: “(...) un gobierno extraterritorial no necesita de ‘carteras’, sino de unidad de dirección política, autoridad indiscutible e indiscutida”. PALMÁS, Ricardo, *Castelao: Prosa do exilio*, Patronato da Cultura Galega, Montevideo, 1976, p. 133.

estalido da guerra civil— en que se abordaron os distintos trámites para a aprobación do Estatuto de Autonomía para Galicia. Nese sentido, Castelao presenta, nas páxinas de *Sempre en Galiza*, unha detallada enumeración das “manobras” que o Partido Socialista levara a cabo para atranca-la aprobación do Estatuto, das que facía responsable directo a Indalecio Prieto, aquel político que se permitira contestarlle no Parlamento “bulrándose —escribiu o galeguista— dos meus aneiros autonomistas e facendo rir aos seus corifeos, con chistes que non viñan ao caso”⁸. Esta anécdota ilustra o ton do enfrontamento entre Castelao e Prieto, que non cesou no exilio. Precisamente nas sesións plenarias das Cortes celebradas en novembro de 1945, de forma pública e unha vez máis, fixéronse patentes as diferencias entre os dous, con motivo da solicitude presentada por Castelao para que fose restituída a Comisión de Estatutos .

Ademais, Castelao responsabilizaba a Indalecio Prieto de que Galicia non obtivera unha carteira ministerial no primeiro goberno de Giral. Así llo confesou a Manuel Portela Valladares nunha carta datada o 21 de febreiro de 1946:

(...) ao sairmos para México —o galeguista referíase á viaxe para asistir ás sesións das Cortes de novembro de 1945- contábamos cun posto [no goberno], según telegramas que obran no meu poder. Ocorreu que Giral colleulle medo a Prieto -que perde a cabeza cando pensa que Galicia pode ter un Estatuto autonómico— e outros ministros, tan asturiáns como Prieto, están sempre dispostos a afundir a Hespaña con tal de que Galiza siga escravizada.¹⁰

Pois ben, cando foi anunciada a designación de Castelao como ministro da República no exilio, o sector prietista do PSOE tamén tiña, pola súa parte, moi presente unha serie agravios que o galeguista lles tería inflixido, a meirande parte deles moi próximos no tempo. Un dos máis dolorosos era a edición en Bos Aires, en 1944, de

⁸ RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel, *Sempre en Galiza*, 3ª ed., Akal, Madrid, p. 166.

⁹ Castelao aproveitou o discurso de adhesión á declaración ministerial de Giral, que pronunciou durante a sesión das Cortes do día 7 de novembro de 1945, para solicita-la constitución da Comisión que debería encargarse da inmediata aprobación do Estatuto Galego, unha vez tiña superados tódolos requirimentos recollidos no artigo 12 da Constitución. Vid. *Congreso de los diputados. Presidencia del Excmo. Sr. D. Luis Jiménez de Asúa. Extracto oficial de la sesión extraordinaria celebrada en la ciudad de México el miércoles 7 de noviembre de 1945*, núm. 72. Na sesión plenaria das Cortes do día 9 de novembro, Prieto encargouse persoalmente de manifesta-la obxección do grupo socialista á petición dos galeguistas e mantivo un longo e, nalgúns momentos, acalorado debate con Ramón Suárez Picallo por esta cuestión. Indalecio Prieto sostíña que “el papel que corresponde a esta Cámara consiste en auxiliar decididamente al Gobierno para su misión de restaurar la República, pero sin ponerse a legislar sobre nada fundamental y permanente” e que, en calquera caso, non estaban presentes tódolos deputados elixidos en 1936 para tomar unha decisión de tal envergadura. Vid. *Congreso de los diputados. Presidencia del Excmo. Sr. D. Luis Jiménez de Asúa. Extracto oficial de la sesión ordinaria celebrada en la ciudad de México el viernes 9 de noviembre de 1945*, núm. 74.

¹⁰ PORTELA VALLADARES, Manuel, *Dietario de dos guerras (1936-1950). Notas, polémicas y correspondencia de un centrista español*, ed. de José Antonio Durán, do Castro, Sada-A Coruña, 1988, p. 249.

Sempre en Galiza, verdadeiro catálogo de acusacións contra os socialistas. Máis recente aínda era a publicación, en febreiro de 1946, na revista *Galeuzca*, do artigo “No hay modo de castellanizar a Galicia”, co que Castelao respondía a outro texto do socialista Luis Jiménez de Asúa no que afirmaba que “Castilla no ha cumplido su misión civilizadora, y es preciso que la cumpla”. Nas páxinas da mesma revista e no mesmo ano, aínda que no mes de abril, Castelao volveu a arremeter contra o PSOE, neste caso contra a política levada a cabo por Indalecio Prieto durante a súa etapa como ministro de Obras Públicas da República, nun artigo titulado “El problema ferroviario de Galiza”.

Aínda que os nacionalistas galegos non patrimonializaron en exclusiva as suspiencias de Prieto, que tamén sufriron vascos e cataláns¹¹, o certo é que o ambiente estaba abondo caldeado como para que o anuncio da incorporación de Castelao ó goberno de Giral desatara entre os prietistas unha avalancha de críticas. Sen embargo, non respondían únicamente á distancia existente entre as súas posicións políticas, senón que o episodio serviu de pretexto, un máis, para ataca-la estratexia de José Giral. O asunto ofreceu tamén a posibilidade de que se puxera de manifesto a ben coñecida loita intestina que se estaba a vivir no mesmo seo do Partido Socialista. Mentres o sector prietista censuraba a entrada de Castelao no gabinete da República no exilio, os membros máis próximos ás posturas¹² de Negrín remitiron unha nota de felicitación ó presidente do consello de ministros¹³. A diverxencia de criterios entre ámbalas dúas familias se estaba reproducindo, en idénticos termos, con motivo da designación de Carrillo. Castelao, en medio deste fogo cruzado, era consciente de que as disensións entre os socialistas constituían un risco para o futuro do goberno Giral¹³.

¹¹ Vid. GILLESPIE, Richard, *Historia del Partido Socialista Obrero Español*, Alianza Editorial, Madrid, 1988, p. 80.

¹² O texto desta mensaxe aparece reproducida en SIXIREI, Carlos, *Alfredo Somoza. Encuadramiento histórico dunha figura esquecida do galeguismo*, do Castro, Sada-A Coruña, 1987, pp. 93-94.

¹³ Nunha carta que remitiu en 1946 ás forzas de oposición ó franquismo de Galicia, afirmaba: “Non teño ningunha confianza nos homes que forman o Goberno Giral, por outra banda apremido por dúas tendencias do republicanismo, Negrín e Prieto”. Cit. por FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco, *O río do tempo. Unha historia vivida*, do Castro, Sada-A Coruña, 1990, p. 174. No mes de xaneiro do mesmo ano, enviou senllas cartas a Aguirre e Pi Sunyer, nas que coincidía en definir a Prieto como o “Lerroux de las izquierdas españolas”. ESTÉVEZ, Xosé, comp., *Antología del Galeuzca en el exilio, 1939-1960*, J.A. Ascunce, Donostia, 1992, pp. 243-245.

1.2. Notas para unha desmitificación do protagonismo da oposición galeguista do interior ó réxime de Franco no triunfo da candidatura de Castelao

A reconstrucción dos pasos que conduciron a Castelao a París, sé das institucións republicanas a partir de 1946, esixe arredar momentaneamente a atención dos movementos que se producían no exilio e volve-la vista hacia a oposición do interior ó franquismo.

Ante a perspectiva de que algunhas organizacións políticas se manifestaban favorables á solución monárquica como única vía para a restauración dun réxime democrático en España, os nacionalistas vascos, cataláns e galegos do interior decidiron enviar unha delegación a Francia para obter información do goberno no exilio sobre cal era a situación real que atravesaban as institucións republicanas e as medidas que se dipoñían a adoptar. Pois ben, con esa delegación viaxou Ramón Piñeiro, secretario xeral do Partido Galeguista. Levaba unha misión engadida: xestionar a inclusión dunha representación de Galicia no consello de ministros, en concreto, a de Castelao¹⁴. A proposta que ía transmitir Piñeiro posuía unha dobre significación simbólica: por unha banda, Castelao non representaba unicamente ó Partido Galeguista, senón á totalidade das forzas políticas e sociais de oposición democrática ó franquismo en Galicia que prestaron apoio á súa candidatura de xeito unánime; por outra, contiña a vía para que Galicia adquirise un status semellante ó acadado por Cataluña e o País Vasco no goberno da República no exilio.

Piñeiro mantivo, unha vez en París, conversas con Aguirre, Irla, Tarradellas e co propio Giral. A máis de que as circunstancias internacionais xa descritas incitaran a Giral a dar entrada no executivo ó maior número posible de forzas políticas, xa con anterioridade, en abril de 1943, Castelao tiña recibido a promesa de Diego Martínez Barrio, daquela presidente das Cortes e no 46 presidente da República, de que Galicia recibiría o mesmo trato¹⁵ que Euskadi e Cataluña na primeira recomposición do goberno que se efectuara. Aínda que existía, pois, unha predisposición no presidente do consello de ministros para acometer unha ampliación do seu gabinete, as xestións que motivaron a incorporación de Castelao ó goberno Giral non resultaron tan doadas como podería parecer nun primeiro momento. Distintos intereses entraron en xogo e tentaron obstaculizar a entrada do galeguista no goberno republicano.

O Partido Comunista abogaba por que o lugués Manuel Portela Valladares —quen sen ter pertencido ó Partido Galeguista, si comungaba con algúns dos seus postulados e defendera ante as Cortes o Estatuto de Autonomía— asumira a represen-

¹⁴

Para a reconstrucción das xestións realizadas por Piñeiro en París seguirase, fundamentalmente, o testemuño ofrecido por el mesmo no libro de entrevistas realizadas por Víctor Freixanes, *Unha ducia de galegos*, 3ª ed., Galaxia, Vigo, 1982, pp. 123-127.

¹⁵

Vid. PAZ-ANDRADE, Valentín, *op. cit.*, pp. 501-502.

tación de Galicia no goberno¹⁶. O seu achegamento ós comunistas e negrinistas naquelas datas¹⁷ explica que estes defenderan a súa candidatura que, por outras razóns, era ben acollida por Giral. O presidente do consello de ministros atopaba en Portela —que tiña ocupado algúns dos principais cargos á fronte das institucións da Segunda República— unha figura que posuía un enorme peso representativo no goberno de concentración que desexaba presentar ante as potencias occidentais.

Segundo a versión de Ramón Piñeiro, Portela Valladares contaba non só co apoio dos comunistas, senón tamén co do presidente do goberno vasco, José Antonio Aguirre¹⁸. A postura deste último foi socavada pola actitude dos vascos do interior, que prestaron un apoio rotundo á proposta do galegos, como tamén o fixeron os nacionalistas cataláns e os anarquistas.

Gañado Aguirre para a candidatura de Castelao, aínda quedaba por vencer a resistencia de Giral. O presidente tiña as súas razóns para vetar a Castelao, quen non aforrara críticas á postura adoptada por Izquierda Republicana —partido ó que pertencía o propio Giral— ante as reclamacións autonomistas galegas. Os reproches que recibiu esta formación política da pluma do autor de *Sempre en Galiza* constituían unha extensión dos que mereceu Santiago Casares Quiroga quen, dende a perspectiva dos galeguistas, traicionáraos dende o mesmo pacto de San Sebastián. Castelao nunca

¹⁶

Incluso Castelao pensara en Portela Valladares como posible ministro de Galicia no goberno republicano. Cando menos, así llo confesaba nunha carta que lle remitiu o 21 de febreiro de 1946. Vid. PORTELA VALLADARES, Manuel, *op. cit.*, p. 249.

¹⁷

Portela Valladares presidía o Bloque Republicán Nazonal Galego dende a súa creación, a finais de 1944, en Toulouse. Aínda que chegou a nega-la súa adscrición a este organismo —ó que pertencían, entre outros, Enrique Lister e republicanos de diversa procedencia, naqueles momentos gañados polos comunistas ou negrinistas, como Santiago Casares Quiroga e Xoan Xosé Pla—, o certo é que, cando menos, deixou que o seu nome fora empregado por el. Vid. PORTELA VALLADARES, Manuel, *op. cit.*, p. 233.

¹⁸

Non pode deixar de sorprende-la obxección de Aguirre á candidatura de Castelao cando é ben coñecido que as relacións entre ámbolos dous políticos, embarcados en converter nunha realidade política actuante o pacto Galeuzca, eran neses momentos bastante cordiais e fluídas. Sen entrar a analiza-las razóns que explicarían a articulación desa fronte nacionalista, na que con máis receos participaban tamén os nacionalistas cataláns, o que resulta obvio é que as tres forzas compartían o obxectivo de tomar unha posición o máis ventaxosa posible no seo das institucións republicanas no exilio que lles permitiría, en caso dunha restauración democrática, que as súas reivindicacións tomasen corpo inmediatamente. Aguirre, nunha carta datada o 29 de xaneiro de 1946, aseguráballe a Castelao: “La inclusión gallega en el Gobierno, cualquiera que sea su reorganización, es indispensable. Cuentas para ello como bien lo sabes con todo nuestro apoyo”. ESTÉVEZ, Xosé, *op. cit.*, p. 251. Sen embargo, non só o testemuño de Piñeiro pon en cuestión o empeño real de Aguirre de que Castelao pasara a formar parte do goberno republicano. O presidente vasco enviara a Martínez Barrio o 28 de novembro de 1945 un telegrama no que aconsellaba a urxente apertura de conversas cos comunistas co fin de que estes entraran no gabinete de contado. Na mensaxe non había ningunha alusión á incorporación dun representante do nacionalismo galego. Arquivo Histórico Nacional, fondo Diego Martínez Barrio: legaxo 22, carpeta 102; apunte do diario de Martínez Barrio do día 28 de novembro de 1945.

Ile perdoaría que, sendo membro da ORGA, empecera abertamente o proceso de aprobación do Estatuto. Esta circunstancia era considerada especialmente grave polo dirixente galeguista cando lembraba o acordo asinado, a finais de 1935, por Izquierda Republicana e o Partido Galeguista no marco do pacto do Frente Popular, polo que a formación política de Manuel Azaña se comprometía a emprende-lo camiño hacia a autodeterminación política de Galicia e os nacionalistas a “republicanizar” esta rexión. Aínda habería que sumar a estes vellos enfrontamentos outro máis no que se mesturaba algún compoñente persoal. As relacións dos dous políticos resentíranse considerablemente despois de que José Giral, sendo ministro de Estado durante a guerra civil, lle negara a Castelao unha representación diplomática en Bos Aires que lle fora prometida polo antecesor naquel ministerio, Álvarez del Vayo .

Este novo atranco foi salvado pola intervención directa do ministro de Xustiza, Manuel Irujo, quen, segundo o testemuño de Ramón Piñeiro, logrou solapar²⁰ estes enfrontamentos e convencer a Giral de que admitira a candidatura de Castelao . Non obstante, non temos noticia dos argumentos esgrimidos por Irujo ante o presidente do goberno. En calquera caso, cabe aventurar que ademais do xa mencionado apoio unánime das forzas nacionalistas de oposición ó rexime de Franco no interior, debeu constituir unha baza fundamental que o artista e político galego representara unha masa numerosa de exiliados e emigrantes residentes en distintos países de América .

¹⁹

Para coñece-los detalles desta frustrada representación diplomática, vid. GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio, *Memorias de un diputado republicano en la guerra civil española (1936-1939)*, do Castro, Sada-A Coruña, 1990, pp. 175-176.

²⁰

Irujo envioulle unha carta a Castelao o 2 de abril de 1946 na que lle ofrecía algúns detalles sobre a súa intervención en defensa da súa candidatura: “Al fin saltó tu ministerio, mejor dicho, el Ministro de Galicia, concretado en tu persona. Me costó algún esfuerzo. El Sr. Giral recordaba tu violenta discusión de Barcelona. Cedió con buen espíritu. Debe serle agradecida su corrección. Vino bien la presencia de Santiago [alias empregado por Ramón Piñeiro na clandestinidade]. Este mozo es un descreído, pero no es sonso —que decís ahí—. Creía él que no lograríamos obtener tu nombramiento, por la apuntada dificultad. Para ese caso, me había dado ya procedimiento para que fuera designado uno del interior, tramitando la petición por mediación suya y encargándose él de ponerse al habla con las diversas organizaciones como secretario general que es del Partido Galleguista. Pero, yo siempre creí que el ministro debieras ser tú”. ESTÉVEZ, Xosé, *op. cit.*, p. 251.

²¹

A defensa que Irujo fixo ante Giral da candidatura de Castelao debeu de basearse nos mesmos argumentos que empregou posteriormente, en setembro de 1947, cando o vasco procurou conseguirla entrada do galeguista no gabinete presidido por Álvaro de Albornoz e dos que si temos noticia. Irujo enviou a Castelao dúas cartas nas que resumía as conversas que, nese sentido, mantivo co ministro da Gobernación, Julio Just. Nelas Irujo insistía na fidelidade republicana manifestada polos 300.000 galegos da Plata e referíase, asemade, á significación galeguista que revestía a figura de Castelao fronte a outros homes —como Casares Quiroga ou Portela Valladares— que, anque galegos, non representarían os intereses do nacionalismo galego. Vid. ESTÉVEZ, Xosé, *op. cit.*, pp. 257-264.

Castelao aportaba, pois, ó goberno un tipo de representatividade de distinto carácter que a de Portela, pero que debeu de converterse en determinante²², sobre todo tendo en conta que, en novembro de 1945, coincidindo cos preliminares das reunións das Cortes en México, nas que Castelao intentou dar un novo impulso ó proceso de aprobación do Estatuto de Autonomía, o goberno da República no exilio recibira unha serie de comunicacións de diversos centros galegos en América manifestando a súa adhesión ós trámites que se dispuña a realiza-lo o deputado galeguista. Ademais, algúns destes cablegramas —que se conservan no fondo París do Arquivo da Segunda República española no exilio, depositado na Fundación Universitaria Española— engadían a petición explícita de que se incorporara un representante de Galicia ó novo goberno. Tal é o caso do texto asinado polo presidente da Casa Galicia-Unidad Gallega con sé en Nova York, Emilio Flórez:

CASA GALICIA UNIDAD GALLEGA REPRESENTACIÓN Y EN NOMBRE RESIDENTES GALLEGOS ESTADOS UNIDOS ADHIRIÉNDOSE GOBIERNO REPUBLICANO ESPAÑOL RECLAMA RECONOCIMIENTO DERECHOS GALICIA APROBACIÓN ESTATUTO Y REPRESENTACIÓN GOBIERNO REPÚBLICA SALÚDALE NOMBRE COLONIA GALLEGA.²³

No mesmo arquivo consérvanse máis dunha ducia de cablegramas cunha mensaxe semellante á que recolle o texto anterior e que foron recibidos no número 35 da Avenue Foch de París, sé das institucións republicanas no exilio, entre os días 3 e 6 de novembro de 1945. Resulta enormemente significativo que, ademais, algún departamento do goberno elaborara un informe baixo o epígrafe “Solicitudes de Estatuto Gallego”²⁴. Nel recollíase a data de recepción daquelas notas e facíase constar, xunto ó nome das asociacións remitentes, o número de asociados con que contaban, dato que algunhas delas inserían no texto das súas comunicacións. Só a suma dos adscritos a entidades que²⁵ revelaban o seu número de afiliados superaba amplamente as duascentas mil persoas.

²²

José María del Valle é un dos poucos autores que ten chamado a atención sobre este aspecto: “El doctor Castelao (...) le aporta [ó goberno Giral] la representación de Galicia, región que cuenta con más de tres millones de habitantes y es el jefe indiscutido de todas las tendencias gallegas, así como la de importantes grupos gallegos residentes en Hispanoamérica que alcanzan una importancia considerable. Sólo el Centro gallego de La Habana tiene más de treinta mil afiliados”. VALLE, José María del, *op. cit.*, p. 159.

²³

Arquivo da Segunda República no exilio, fondo París, signatura: 869-1. En diante, os documentos deste arquivo cítanse ARE-P, seguido do número do legaxo correspondente.

²⁴

ARE-P: 667-1. As mensaxes remitidas polas comunidades galegas en América atópanse espalladas en distintos legaxos deste arquivo, en concreto, nos 869-1, 667-1 e 638-3.

²⁵

As vésperas da constitución do goberno Giral non foi a última ocasión en que os emigrantes e exiliados galegos fixeron chega-las súas reivindicacións ás institucións republicanas. Cómpre lembrar que algún tempo despois, en setembro de 1947, seis entidades galegas de Bos Aires, enviaron ó presidente do

Todo parece indicar que a forza numérica e movilizadora destas comunidades non era desprezada, en absoluto, polo goberno republicano. E dicimos movilizadora, porque todo apunta a que estes centros galegos, aínda que pertencentes a distintos países —Cuba, Chile, Arxentina, Uruguai e Estados Unidos—, estaban en contacto e que orquestraron esta campaña coa intención de presionar ás Cortes e apoiar a Castelao na súa comparecencia ante elas. A importancia conferida polas institucións republicanas á emigración galega vese corroborada por unha breve nota remitida, o 27 de maio de 1946, por Juan Hernández Saravia, que ocupaba a carteira de Defensa Nacional, a Trifón Gómez San José, ministro de Emigración e Traballo:

En ausencia del Sr. Presidente del Consejo, tengo el gusto de acompañarle la adjunta carta dirigida a él por la Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires, Argentina.

Dada la importancia del asunto, pues no se le oculta a usted la fuerza económica que representan en la República Argentina, creo que debe usted hacerse cargo de su contestación y trámite, en la forma que considere oportuna.²⁶

Por outra banda, o propio Castelao referiuse, na única e escueta alusión que fixo en *Sempre en Galiza* das razóns que o levaron a París, ás sesións plenarias das Cortes celebradas en 1945 e ó éxito das xestións que realizou neste foro e que supuxeron, finalmente, a constitución da Comisión de Estatutos: “E por resultas de esto eu veño de ser Ministro do Goberno que presidía Giral”²⁷. Probablemente, o galeguista aludía, deste xeito, máis que a súa propia intervención á presión exercida polos seus compañeiros desterrados. Mesmo no discurso que pronunciou naquela sesión, Castelao deslizou unhas frases coas que, elegantemente, recordaba ós deputados que estaba

goberno, Álvaro de Albornoz, unha carta na que lle manifestaban a súa inquebrantable adhesión, pero tamén a súa enérxica protesta por rexeita-la incorporación dun representante de Galicia no seu gabinete. (ESTÉVEZ, Xosé, *op. cit.*, pp. 264-265). Ademais, os centros e asociacións galegas adoitaban enviar mensaxes de fidelidade á causa republicana en determinadas datas, como no aniversario do plebiscito do Estatuto ou no da súa propia fundación. (ARE-P: 668-1, 638-3). A táctica empregada polas colectividades galegas de América non era nova. O Comité pro Autonomía de Galicia foi o destinatario dun cablegrama de apoio de diversas sociedades galegas da capital arxentina, enviado pouco despois do plebiscito do Estatuto galego en 1936. Vid. RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel, *op. cit.*, p. 476. Asemade, durante a guerra civil, o goberno republicano tería recibido, segundo relatou nas súas memorias Emilio González López, cartas das colonias galegas en Arxentina e Uruguai solicitando o nomeamento de Castelao como embaixador de España en Bos Aires. GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio, *op. cit.*, p. 175. En definitiva, pode afirmarse que os galegos residentes en América tiñan certa capacidade de coordinación para organizar, cando o crían necesario, campañas de presión e que estas a tiñan xa algúns antecedentes nos días da Segunda República.

26

ARE-P: 668-1.

27

RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel, *op. cit.*, p. 477.

a falar en nome dos que viven en Galicia, pero tamén dos “muchos miles de emigrados gallegos que residen en América”²⁸.

Castelao non tivo nunca reparos en presentar ante os republicanos españois a emigración galega como un capital do que non se podía prescindir e a el mesmo como o seu líder. No acto conmemorativo do duodécimo aniversario da proclamación da República que se celebrou en Montevideo, o dirixente galeguista afirmou ante Martínez Barrio que se a causa republicana aínda era capaz de mobilizar a masas en América era gracias ó republicanismo dos galegos emigrantes e exiliados. Foi precisamente despois de oír estas palabras cando, como xa se ten apuntado, o daquela presidente das Cortes informou a Castelao de que os responsables das institucións republicanas no exilio estaban madurando a idea de incluír unha representación de Galicia no goberno. Aínda que esta medida non se fixo efectiva de contando, Martínez Barrio entendera a mensaxe que sen ambaxes lle fora lanzada no transcurso do acto.

En resume, aínda que tradicionalmente se ten suliñado e ata sobredimensionado a responsabilidade das forzas do interior na designación de Castelao como novo ministro no goberno Giral, esta deber ser situada nos seus xustos termos. Unha das razóns que explican esta liña de interpretación dominante é que os testemuños existentes sobre este episodio corresponden, na súa meirande parte, a membros do galeguismo no interior. Estas versións amosan interese por destaca-la transcendencia política da incorporación de Castelao ó goberno e por atribuírse ese tanto. Así o fai, por exemplo, Fernández del Riego:

O nomeamento de Castelao, que, ao cabo aceptado, tiña o valor dun precedente. Ía ser a vez primeira que Galicia estivese representada nun goberno por un galeguista. E máis importante aínda, era que este fose ministro designado polo galeguismo do interior.²⁹

Non moi distinta é a interpretación que ofreceu Ramón Piñeiro:

O noso plan era darlle a Castelao, dentro do goberno, toda a enorme autoridade que representaba o ser ministro do interior, privilexio que unicamente ostentaba o cenetista Leiva e que facía del, con ser o ministro máis novo, a voz de máis autoridade moral dentro do goberno. Queríamos avencellar política e espiritualmente a Castelao con tódalas forzas democráticas do interior de Galicia e afianzar arredor del, como figura representativa de todos, unha verdadeira e sólida unión política na defensa dos dereitos de Galicia. Deste xeito, o que non se tiña nin se podía conquistar arredor do Consello de Galiza, conqueriábase arredor da figura de Castelao como per-

²⁸

Congreso de los diputados. Presidencia del Excmo. Sr. D. Luis Jiménez de Asúa. Extracto oficial de la sesión extraordinaria celebrada en la ciudad de México el miércoles 7 de noviembre de 1945, núm. 72, p. 14.

²⁹

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco, *op. cit.*, pp. 160.

soeiro das forzas democráticas e autonomistas de Galicia. Eses eran os nosos plans.³⁰
Para levalos a cabo non reparamos en esforzos, en sacrificios nin en riscos.

Dende esta perspectiva, Piñeiro permítiase reprochar a Castelao que “renunciara a ser o ministro das forzas democráticas e autonomistas do interior de Galicia para ser, simplemente, un ministro de Giral”³¹, noutras palabras, que se desmarcara das directrices políticas dictadas dende Galicia.

Pola contra, Castelao non entendía do mesmo xeito a súa representación no goberno, como lles fixo saber ós galeguistas do interior: “Eu, no desterro, son galeguista de tódolos partidos (...). Que ninguén se apoña a que eu seña representante do pobo galego”³². Esta afirmación ten dúas lecturas: por unha banda, Castelao expresaba unha idea que viña reiterando dende a súa saída de España, a necesidade de esquecer as diferencias partidistas no exilio que consideraba contraproducentes para acadalo obxectivo prioritario, a restauración da República; por outra, suliñaba o peso do mundo da emigración no que el facía descansar a súa autoridade e que, polo tanto, facíalle innecesario pregarse ós dictados que chegaban dende Galicia. Probablemente nunca expresou dun xeito tan categórico esta última idea como nun informe que remitiu precisamente ás forzas do interior:

Nós mantivémonos ao fronte dos emigrados, e dese xeito republicanizamos a moitos que se sentían atraguidos polo feixismo, enfervorizando aos máis no senso galeguista. A nosa superioridade aquí é tal que si consideráramos a masa dos emigrados galegos en América como unha Nación dubido que haxa³³ no mundo ningún Goberno que conte cunha maioría tan compacta como é a nosa.

A oposición do interior ó franquismo non compartía esta perspectiva e cuestionaba abertamente o peso dos desterrados, así coma a representatividade do Consello de Galiza, órgano político que Ramón Piñeiro chegou a definir como “artificio carente de fundamento e demasiado alonxado da realidade vital e espiritual do pobo galego”. Así, resultaba inaceptable a súa autoridade: “O Consello de Galicia pretende representar e actuar —continuaba Piñeiro— en nome da totalidade do galeguismo, de dentro e

³⁰ PIÑEIRO, Ramón, “Da miña acordanza”, *Grial*, núm. 111, xullo-agosto-setembro 1991, pp. 373-374. A cita corresponde a un longo informe redactado por Piñeiro e que foi lido nunha xuntanza celebrada, en 1958 en Santiago de Compostela, dun grupo de galeguistas con Perfecto López, chegado dende Bos Aires.

³¹ *Ibidem*, p. 374.

³² Cit. por FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco, *op. cit.*, p. 175.

³³ *Ibidem*, p. 170.

de fóra da Terra. Pretende, nada menos, arbitrar e decidir o futuro político de Galicia, ou polo menos a responsabilidade política do galeguismo no tocante a ese futuro”³⁴.

1.3. Significado para Castelao do seu nomeamento

O 22 de marzo de 1946, poucas semanas despois de terlle chegado, a través de Ramón Piñeiro, novas das xestións que se estaban realizando en París para conseguirla inclusión dun representante de Galicia no consello de ministros, Castelao recibiu no seu domicilio bonaerense un telegrama de José Giral no que, ademais de informarlle dos cambios efectuados na composición do seu goberno, invitáboo a incorporarse a el.

Paz-Andrade, na súa biografía do político galego, asegura que este, a pesar de recibir con satisfacción a noticia polo que supuña para Galicia, mostrouse reacio a aceptar el mesmo o cargo por unha razón vencellada, precisamente, coa emigración: Castelao estimaba fundamental o labor que estaba desenvolvendo a prol do artellamento do galeguismo en América e, xa que logo, consideraba que a súa ausencia podería resultar contraproducente. Ademais, resulta significativo que informara das súas dúbidas ós seus compañeiros desterrados —e que entre eles ³⁵ intentara buscar a un home que o substituíra en París— e non ós que ficaban en Galicia.

Ó cabo, Castelao remitiu, o 23 de marzo de 1943, a súa resposta a Giral, na que aceptaba a representación que lle ofrecía ³⁶. Poucos días despois, o 30 do mesmo mes, dirixíase de novo ó presidente do consello de ministros. Esa é a data dunha carta, inédita ata agora, na que Castelao expresaba o seu agradecimento pola “estimación que V. concedió a mis ideales republicanos”³⁷. Efectivamente, a pesar das numerosas críticas que o político tiña dedicado ós que el chamaba, con evidente ton despectivo, “repúblicos”, sempre fora unha constante no seu discurso as declaracións de fidelidade ó réxime proclamado o 14 de abril de 1931. Para ilustra-la adhesión inquebrantable de Castelao á República, abonda con lembra-la súa intervención ante os deputados nunha sesión de marzo de 1933 na que se abordaron as posibles responsabilidades do goberno presidido por Azaña nos sucesos de Casas Viejas. Na súa exposición, o

³⁴ PIÑEIRO, Ramón, *loc. cit.*, p. 358-359. No citado número de *Grial* reproducense un bo número de documentos de gran interese para entender as discrepancias existentes no galeguismo do interior e o exiliado. Aínda que hai algúns estudos sobre esas conflictivas relacións (Vid. CASARES, Carlos, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*, do Castro, Sada-A Coruña, 1991, pp.95-110), aínda está pendente historiar, desapaixonadamente, as súas orixes e, sobre todo, as consecuencias para o futuro político de Galicia.

³⁵ PAZ-ANDRADE, Valentín, *op. cit.*, pp. 504-505.

³⁶ O telegrama dicía: “Acepto representación honrosa en Gobierno su presidencia estimulado además por deseos fuerzas interior y confianza colectividades gallegas América stop Agradecido salúdole cordialmente Castelao”. PALMÁS, Ricardo, *op. cit.*, p. 17.

³⁷ ARE-P: 668-1.

galeguista, a máis de manifesta-la súa confianza no goberno, a pesar de que “nada le debemos como representantes de Galicia, porque estamos seguros de que Galicia tampoco le debe nada, como no sea la incomprensión de sus problemas”, afirmou que o Partido Galeguista “se siente cada día más fervorosamente republicano” e, xa que logo, “incapaces de prestarnos a un juego político que sólo puede servir para satisfacer bajos intereses de partido o inconfesables apetitos personales”³⁸. Castelao tiña a convicción de que a República constituía a única vía que, pese a tódolos obstáculos que presentara ás aspiracións de autonomía de Galicia, remataría por darlles resposta finalmente.

A pesar do paso do tempo e de medrar, na súa opinión, a lista de agravios que a República inflixiu a Galicia, esta idea mantívose sen fisuras. Así se fai patente nunha carta enviada, en xaneiro de 1946, a Dolores Ibárruri. Transcorreran trece anos dende aquela manifestación de firme apoio á República, pero os termos nos que se expresaba Castelao non eran moi distintos e, no medio do debate sobre a vixencia institucións republicananas no exilio, a súa postura non deixaba lugar a dúbidas:

Yo no tengo la obligación de ser gubernamental, puesto que Galicia no está representada en el gobierno a pesar de que su derecho a vivir con autonomía ya lo tiene bien ganado. Hago hincapié en la legitimidad del gobierno Giral por no poner en enredicho la legitimidad de las Cortes que lo avalaron en México. Claro está que los diputados sólo representamos la última expresión democrática de España; pero en tal grado la representamos que, de perpetuarse la causa de nuestra expatriación, en el último diputado superviviente residiría el último vestigio de la soberanía popular.³⁹

En definitiva, todo parece indicar que cando Castelao interpreta a súa designación como o recoñecemento ós seus ideais republicanos referíase a toda a súa traxectoria política, corroborada por esa última e neta expresión de fidelidade que constitúe a carta enviada á *Pasionaria*. Esta debía ser coñecida polo presidente do consello de ministros, xa que Castelao preocupárase de darlle difusión, publicándoa nas páxinas da revista *Galeuzca* e remitindo senllas copias a José Antonio Aguirre e a Josep Irla.

A misiva que o dirixente galeguista enviou a Giral o 30 de marzo do 46 continuaba cunha breve referencia ás razóns polas que aceptaba converterse en ministro do seu goberno:

³⁸

CASTELAO, OTERO PEDRAYO, SUÁREZ PICALLO e VILLAR PONTE, *op. cit.*, pp. 54-55.

³⁹

Carta de Castelao a Dolores Ibárruri, xaneiro de 1946. PALMÁS, Ricardo, *op. cit.*, pp. 129-135. As ideas recollidas naquela carta —da que se tomarán outras citas nos seguintes parágrafos— eran recorrentes no pensamento de Castelao daquelas datas. Cómpre lembrar que moitas delas e case coas mesmas verbas tiñaas pronunciado na sesión celebrada polas Cortes en México en novembro de 1945, así que era pública a súa posición ante as cuestións que centraban a atención dos republicanos exiliados naqueles momentos.

(...) Si en momentos tan graves y decisivos acepté el ofrecimiento de V., es para estar a su lado, presente y actuante, porque sólo entiendo que ese es mi deber sino que sólo así complacería a las organizaciones del interior de Galicia y a las entidades de emigrados gallegos, que me honran con su confianza.

A concisión desta pasaxe non implica unha improvisación da linguaxe, senón o coitado emprego de todos e cada un dos termos utilizados, así coma unha enorme coherencia cunhas ideas que xa expresara noutros momentos da súa carreira política.

Por unha banda, aludía ó contexto no que se producía a súa incorporación ó goberno Giral, calificando o momento de “grave y decisivo”⁴⁰. O galeguista manifestábase, deste xeito, participe dunha idea compartida por gran parte das forzas de oposición democrática ó réxime de Franco, isto é, que a recente victoria das potencias aliadas na II Guerra Mundial podería supor unha intervención en España que marcara a fin da dictadura e a conseguinte restauración democrática. Este convencimento viña xestándose dende os últimos compases do enfrontamento bélico. Así de rotundo se amosara no coñecido discurso que pronunciou, o 18 de abril de 1943, no Estadio Centenario de Montevideo: “Y con el triunfo de la Democracia en el mundo habrá de resucitar, quiérase o no, la República española”⁴¹.

Cando a victoria das potencias democráticas occidentais non é unha esperanza, senón xa unha realidade, pervive a idea de que a elas lles corresponde da-lo golpe definitivo para derrumba-lo réxime do xeneral Franco. Para Castelao non había lugar a dúbidas: prefería manter “en pie la guerra civil” e, nese sentido, deixar aberta a posibilidade dunha intervención estranxeira, que a “indignidad colectiva” dun pacto con Franco para a celebración dun plebiscito en España sobre a futura forma política do réxime que sucedería ó do dictador, como lle tiña participado a Dolores Ibárruri. A solución que defendía revestía para o galeguista un especial valor, dado que a comparaba cun fito que conforma a memoria histórica do nacionalismo galego: a intervención inglesa na Guerra da Independencia de 1808.

Alfonso R. Castelao defendía que o goberno da República no exilio tiña que presentarse ante as potencias aliadas cunha “autoridad indiscutible e indiscutida” que únicamente conqueriría se alcanzaba a máxima representatividade. Polo tanto, comunistas e nacionalistas galegos estaban chamados, segundo continuaba expoñendo a Dolores Ibárruri, a fortalecer o gabinete de Giral. Tratábase dunha responsabilidade

⁴⁰ Na citada carta que Castelao remitiu a Dolores Ibárruri, xa se incluían expresións que denotaban o premente da situación. O galeguista falaba de que se encontraban ante “la última oportunidad que se nos presenta para dar solución democrática al problema político de España” e que dispoñían de “muy pocos meses de plazo para salvar la República”. Do mesmo xeito expresábase nunha carta, de xaneiro de 1946, dirixida a Pi Sunyer: “(...) se malgasta el poco tiempo de que disponemos para dar vida a un organismo que pudiera derribar a Franco y remplazarlo por el Poder”. ESTÉVEZ, Xosé, *op. cit.*, p. 246.

⁴¹ PALMÁS, Ricardo, *op. cit.*, p. 66.

que debía ser compartida para “triunfar juntos o fracasar juntos”; era, en definitiva, un “deber”, como reiterou na súa carta, de 30 de marzo de 1946, ó presidente do consello de ministros⁴².

Este imperativo non se esgotaba, nin moito menos, na simple presenza dos dous partidos políticos no goberno. Posto que o dirixente galeguista non establecía unha relación de causa-efecto entre a lexitimidade das institucións republicanas e o seu éxito, introduciu un tercer elemento en xogo: a efectividade. Castelao sostíña que non se podían malgasta-las forzas en cuestións doctrinais ou de forma. No marco destas consideracións é no que adquire plena significación a referencia que Castelao incluíu na súa carta a José Giral na que manifestaba o seu desexo de estar “presente y actuante”. Entendía que non abondaba con que o seu nome contibuíra a proporcionar unha maior representatividade ó goberno, senón que tiña que desempeñar un papel activo, verquendo “toda la energía de que seamos capaces”, tal e como lle dixera á *Pasionaria*.

Castelao non se remitía únicamente ó deber que contraera coa República e con Galicia para explicar a Giral os motivos polos que decidiu sumarse ó seu goberno. De seguida, engadía que dese xeito daba resposta á confianza que nel tiñan depositado as organizacións do interior de Galicia e as comunidades de galegos afincadas en América, ás que non esquece.

O resto da carta que Castelao remitiu a José Giral expón os problemas que o galeguista prevé que vai atopar para obter-lo visado de entrada en Francia e instaba ó presidente do goberno para que tomara as medidas ó seu alcance para facilita-los trámites. Castelao amosaba a súa estraneza por non ter recibido ningunha noticia de Giral dende que lle comunicou a súa aceptación do nomeamento e porque tiña, segundo remataba a carta, un “vivo deseo de llegar cuanto antes a París”. Case un mes

42

O concepto do deber estaba profundamente arraigado en Castelao e non constituía un sentimento novo. Así, nunha carta ó seu curmán Alfredo Somoza, datada o 29 de decembro de 1947, nunha mirada retrospectiva á súa carreira política, afirmaba: “Eu sigo a liña recta que me tracei ao entrar na política que me trouxo ao desterro —non fun a ela por vocación, senón por obrigación, por patriotismo (...)”. Nunha nova carta a Somoza, do 20 de setembro de 1948, volve sobre a mesma idea: “Por cumprir con meus deberes de patriota deixei —van alá 17 anos— as miñas afeizóns artísticas e literais, deixando de realizar a miña obra. Pois ben; os novos deberes que contraín obríganme a prescindir agora dos gozos do afeito familiar. (...) Non fago máis que atender aos deberes políticos”. SIXIREI, Carlos, *op. cit.*, pp. 80 e 100. Non se pode facer moito caso a estas afirmacións nas que Castelao asegura ter abandonado a súa verdadeira vocación, a artística, porque pódense atopar outras aseveracións de sentido contrario. En calquera caso, non deixa de ser significativo as que Eduardo Blanco-Amor ten chamado “manifestaciones expresas de involuntariedad” nos membros da xeración dos Continuadores, á que adscribe ó propio Castelao. Un grupo que insistiría, segundo Blanco-Amor, en suliñar “la involuntariedad del quehacer como cesión a una instancia profunda del mandato que impone ese mismo momento histórico”. BLANCO-AMOR, Eduardo, “Prólogo” a GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio, *Galicia, su alma y su cultura*, 2ª ed., Galicia, Buenos Aires, 1978, p. 9.

despois, o 21 de abril, Giral recibiu outro telegrama de Castelao no que, de novo, lle pedía que axilizara as xestións .

Aínda que o decreto do nomeamento de Castelao foi publicado na *Gaceta Oficial de la República Española* o 15 de maio de 1946, o dirixente galeguista e a súa esposa Virginia só puideron iniciar-la viaxe hacia París no mes de xullo.

Alfonso R. Castelao foi calificado por Paz-Andrade como o “pelegrino da idea”. ¿Cal? Se volvemos a 1944, o propio Castelao proporcionano-la resposta:

Trabajé toda mi vida para convertir el sentimiento gallego en idea y ahora sigo trabajando para convertir la idea en hecho histórico, y todo podrá ocurrir, todo, menos una cosa: que yo traicione la razón de mi vida y la confianza que mis hermanos depositan en mí.⁴⁴

A frase podería ter sido pronunciada, perfectamente, en 1946, cando pisou terra francesa disposto a traballar para acadar-la restauración da República en España e para que Galicia pasara a ocupa-lo posto político que lle correspondía.

Agora queda pendente reconstruir como concluiu a peregrinación de Castelao dende a “capital da diáspora”, Bos Aires, a París, a que podería ser calificada como “meca” das institucións republicanas, por dicilo empregando uns termos con fortes connotacións xudeu-cristiás tan do gusto dos exiliados de 1939.

2. AS ACTIVIDADES EN PARÍS DO “PEREGRINO DA IDEA”

Unha vez en París e ata fixar unha residencia estable na Ville Lumière, Castelao⁴⁵ debeu de instalarse no Hotel Moderne, sito no número 60 da Rue Lafayette . Ó día seguinte da súa chegada á capital francesa, Castelao presentouse a Giral, acompa-

⁴³ ARE-P: 668-1. O telegrama dicía: “Ruégoles activen pronta orden visado francés pasaportes mío y mi mujer. Saludos. Castelao”.

⁴⁴ Cit. por DÍAZ PARDO, Isaac, *Galicia hoy y el resto del mundo: neo-mozárabes y neo-mudéjares a cien años del nacimiento de Castelao y a cincuenta de la guerra civil española*, do Castro, Sada-A Coruña, 1987, p. 108.

⁴⁵ Polo menos ese é o enderezo que figura nun listado, elaborado polo goberno republicano no exilio, dos deputados elexidos en 1936 cos seus respectivos domicilios. No mesmo documento, Castelao non aparece vencellado ó Partido Galeguista, senón ó Bloque Nazonal Gallego. ARE-P: 667-1. Ó parecer a creación daquel organismo causou certa confusión nos círculos republicanos. En calquera caso, Castelao non estivo adscrito a aquela entidade e incluso as súas relacións con ela e cun dos seus membros, Xoán Xosé Plá, foron moi tensas. O historiador que máis datos ten ofrecido sobre este Bloque foi Hartmut Heine en “La evolución política en Galicia (1939-1975)”, *Cuadernos de Ruedo ibérico*, núms. 51-53, maio-outubro de 1976, p. 25; e, posteriormente, en *A guerrilla antifranquista en Galicia*, 2ª ed., Xerais, Vigo, 1982, p. 92.

ñado por Manuel Irujo, quen desempeñara un importante papel na defensa da súa candidatura ante o presidente do goberno.

Ás tres semanas de tomar posesión do seu cargo, un cólico hepático postrouno na cama durante máis dun mes. Tampouco hai que esquece-lo avance da cegueira que sufría dende había anos e que, progresivamente, lle dificultaba máis a realización de determinadas tarefas. Ademais, foi precisamente durante a súa estadía en París cando se lle declarou o cancro —“peteiro do corvo”, como el o chamaba— que terminaría coa súa vida en 1950. Por aqueles días, a súa esposa tamén enfermou, ⁴⁶ que a Castelao se lle antollou como as consecuencias da maldición dalgunha meiga.

Estas circunstancias de carácter persoal non foron as únicas que frustraron o seu proxecto de activo traballo no seo do goberno da República. Así llo confesou ó seu amigo e colaborador Rodolfo Prada nunha carta de 7 de decembro de 1946: “Ando en obscuridades absoutas e a door do fígado non se pode comparar con a do esprito”. ¿Que causaba ó galeguista esa aguda e íntima dor? O temperán convencemento de que unha das dúas causas que o conduciran a París, a aprobación definitiva do Estatuto de Autonomía de Galicia, non despertaba nin sequera apoios máis ou menos mornos:

Síntome soio e aillado, tanto no seo do Goberno a que pertenezco como extramuros do Goberno, metido en comercio de xentes extrañas —algunhas ilustres—, as que nin para ben nin para mal lles pode interesar Galiza,⁴⁷ e a quenés, unha declaración dos ideais da miña vida pareceralles unha parvada.

Aínda que Castelao declarara sentirse so ó presenta-las súas reivindicacións de autonomía para Galicia, o certo é que o mundo da emigración non o abandonou. Durante a súa estadía na capital francesa, non deixou de recibir mostras de adhesión dende América que o galeguista adoitaba trasladar ó presidente Giral, como fixo cun telegrama remitido pola Casa de Galicia en Nova York o 13 de setembro de 1946:

⁴⁶ Nunha carta que remitiu, en xaneiro de 1947, á A.B.C. del P. de Corcubión, en resposta a outra que esta entidade lle enviara, confesaba que estivera “enfermo d-un cólico hepático, do que aínda ando turrando” e, falando sobre o seu estado de ánimo, engadía: “Eiquí me teñen amarrado ao meu deber de republicán e galego. (...) Persoalmente non debo negarlles que me sinto amorriñado, entristecido, porque non todas son rosas as que se atopan no meu camiño —no novo camiño que emprendín— e lémbrome da relativa felicidade n-ese Bos Aires e na Galiza ideal que ahí viven”. O texto desta carta foi publicado en *Alborada. Órgano de la Asociación Benéfica Cultural del Partido de Corcubión*, núm. 134, xaneiro-marzo 1947, p. 8.

⁴⁷ Carta a Rodolfo Prada, 7 de decembro de 1946. Cit. por PAZ-ANDRADE, Valentín, op. cit., p. 509.

Reunidos Junta General miembros Casa Galicia salúdanle cordialmente haciendo votos por éxito gestiones y pronto triunfo República española y Galicia autónoma. Mismo tiempo rogámosle presente nombre Casa Galicia Gobierno Republicano Giral nuestra firme adhesión pro República Española. Saludos. ¡Terra a nosa!⁴⁸

Os que solicitaran, no seu día, a entrada dun representante de Galicia no goberno da República, facían coñecer a Giral que as súas aspiracións non estaban colmadas. Así, ó mesmo tempo que proclamaban unha vez máis a súa lealdade á República, non esquecían incluír unha referencia ás súas arelas de acadar unha “Galicia autónoma”. A resposta do presidente que o consello de ministros cursou constituía unha mera fórmula de cortesía que obviaba calquera alusión ás reclamacións presentadas.⁴⁹

Así as cousas, Castelao reconduciu os seus esforzos a facer realidade a segunda das súas esperanzas políticas: obte-lo recoñecemento das potencias democráticas occidentais, como primeiro paso hacia unha restauración da República en España. A este proxecto entregouse, non sen suspicacias. O dirixente galeguista empregou durísimos calificativos para describi-las divisións existentes entre os que deberían formar unha fronte común, compartir un mesmo obxectivo por riba de disputas persoales estériles, cando non claramente contraproducentes para loga-lo desexado apoio internacional:

Todo trato con a xente que me rodea non pasa de ser o cansado trafego da política de partidos. Os antagonismos partidistas e personalistas entezanse con o *marché noir* ou *estraperlo* e con o xogo azaroso da ONU. Todo se desfai en deducións lóxicas i-en filosofía barata para saber o que mañana nos poida ocurrir. E así un

⁴⁸ ARE-P: 869-1. Do mesmo xeito, Castelao fixo chegar a Giral o texto un telegrama enviado pola Federación de Sociedades Gallegas o 3 de outubro de 1946 co seguinte texto: “Federación Sindicales Gallegas, en su 25 aniversario de su fundación, salúdale afectuosamente y reafirma su fe en la República y adhesión a ese Gobierno presidido por doctor Giral. Alonso, secretario general”. ARE-P: 638-3. Castelao facíalle saber a Giral da orientación autonomista e republicana da Federación, suliñaba que estaba integrada por coarenta sociedades e que publicaba dende había máis de vinte anos o xornal *Galicia*. Por estas razóns, recomendaba a Giral que lles contestara agradecendo a súa adhesión. Así o fixo o presidente do goberno e incluso esta nota coma a da Casa de Galicia de Nova York foron publicadas en *La Nouvelle Espagne. Hebdomadaire d'Information Républicaine* (núm. 39, 2 de novembro de 1946, p. 2), órgano de expresión do goberno republicano.

⁴⁹ O cablegrama dirixido á Casa de Galicia en Nova York, datado o 16 de setembro de 1946, dicía: “AGRADÉZCOLES CORDIALMENTE EFUSIVO MENSAJE ADHESIÓN GOBIERNO REPÚBLICA ENVÍAME TRAVÉS MINISTRO CASTELAO SALUDOS GIRAL”. ARE-P: 869-1. Do mesmo cariz era a resposta enviada á Federación de Sociedades Gallegas o 4 de outubro do mesmo ano: “FELICITÁNDOLES CORDIALMENTE VEINTICINCO ANIVERSARIO MAGNÍFICA LABOR REPUBLICANA AGRADEZCO ADHESIÓN ENVÍANME CONDUCTO MINISTRO CASTELAO”. ARE-P: 638-3.

dia e outro dia, como si estiveramos vivindo n-un manicomio e pol-as ruas anduvera solta a crueldade e a rapiñata.⁵⁰

O “xogo azaroso” que mantiña a República no exilio coa ONU proporcionou un éxito máis simbólico que efectivo o 12 de decembro de 1946, cando a Asamblea das Nacións Unidas resolveu recomendar ós seus membros a ruptura de relacións diplomáticas co réxime do xeneral Franco e solicitar ó Consello de Seguridade que estudiara que medidas adoptar verbo do problema español. Pero estas decisións non viñeron acompañadas polo tan arelado recoñecemento do goberno presidido por Giral.

A pesar das opinións que o dirixente galeguista verquía na súa correspondencia particular, sumouse ás iniciativas emprendidas polos republicanos no eido diplomático. Nese sentido, hai que sinala-la súa asistencia, xunto ó xefe interino do goberno, Augusto Barcia, os ministros Santaló, Irujo e Hernández Saravia, así coma outras personalidades como o pintor Pablo Picasso e o profesor José Xirau, á Asamblea xeral da UNESCO celebrada o 17 de decembro de 1946.

Pouco máis pode engadirse sobre os labores desempeñados por Castelao como ministro do goberno Giral. Núñez Búa sulñou que o galeguista viviu do soldo que percibía do goberno —pagado en francos, e non en pesos mexicanos por considerar inaceptable “negociar con moneda extranxeira na bolsa negra”⁵¹—, pero que devolvía o diñeiro que percibía para sufraga-los gastos de representación .

A estadía de Castelao en París prolongouse durante un ano, período que o galeguista consumiu asistindo a concertos e visitando o Louvre a cotío, mergullado nunha desesperante inactividade.

2.1. A defensa de Castelao, dende unha “simbólica Fisterra”, do goberno Giral

Dende a mesma composición do seu gabinete, José Giral era consciente de que non contaba co apoio do sector prietista do PSOE. Indalecio Prieto supeditara o respaldo prestado polos socialistas ó éxito que o gabinete obtivera nas súas xestións ante as potencias democráticas occidentais. E o certo é que a campaña diplomática emprendida polos responsables da República no exilio revelou-se estéril. Só países de segunda fila no panorama internacional recoñeceron ó goberno republicano, mentres que as decisións da ONU verbo do problema español constituían máis un xesto que medidas efectivas encamiñadas ó derrocamento do franquismo. Era, sen dúbida, unha

⁵⁰ Carta de Castelao a Rodolfo Prada, 7 de decembro de 1946. Cit. por PAZ-ANDRADE, Valentín, *op. cit.*, p. 509.

⁵¹ NÚÑEZ BÚA, Xosé, *Vida e paixón de Castelao*, do Castro, Sada-A Courña, 1986, p. 47. Castelao coñecía ben as dificultades económicas das institucións republicanas no exilio, como sinalou nunha carta de xaneiro de 1948 ó seu curmán Alfredo Somoza, ó que tamén lle confesou que era o único ministro do goberno Giral que non tiña secretario. SIXIREI, Carlos, *op. cit.*, pp. 85 e 103.

“pírrica” victoria, tal e como foi calificada por Xavier Tusell⁵². As consecuencias do derrumbamento dun dos piares básicos nos que se asentaba a estratexia política de Giral non se farían esperar.

Nas reunións do consello de ministros do mes de xaneiro de 1947, desatouse a crise. Os dous representantes socialistas, Trifón Gómez e Enrique de San Francisco, presentaron a súa dimisión. Esta medida de presión obrigou a Giral a dimitir tamén, sabedor de que o PSOE era a única formación política cunha representación parlamentaria suficiente como para forzar unha reestructuración do gabinete. Era a fin do que foi coñecido como o “gobierno da esperanza”.

Probablemente a intervención en España das potencias aliadas non fora máis que un espellismo compartido por amplos sectores do exilio, que esqueceron as consecuencias da fronte do calibre da aberta pola guerra fría e prefigurada xa na Conferencia de San Francisco. Pero Castelao participara daquela análise da situación e, na súa opinión, o goberno Giral representaba a última oportunidade para a restauración democrática en España. Dado que o galeguista vencellaba os intereses de Galicia coa sorte da República, tamén as súas reivindicacións autonomistas quedaban á mercé do futuro do gabinete.

Polo tanto, na reunión do consello de ministros celebrada o 21 de xaneiro Castelao saíu en defensa do goberno presidido por José Giral e todo o que aquel significaba, a pesar de prever que “os *entendidos* en política me tildaran de inxenuo”⁵³:

Eu era o único que quedaba para o final da “primeira volta”, simbolicamente situado n-unha especie de Finisterre; e debendo ser o derradeiro en falar, fun o primeiro en enfrentarme cos disidentes i-en defender ao Goberno Giral e con el a República. Falei con moita emoción, tendo todol-os ollos chantados en min e sabendo que con aquelas verbas xogabase a representación de Galiza no Goberno socialoide,⁵⁴ pero facía honore ao republicanismo xurado ao saír de Bos Aires.

⁵² TUSELL, Xavier, *op. cit.*, p. 152.

⁵³ En efecto, Martínez Barrio, ó reseña-la intervención de Castelao naquela reunión do consello de ministros, anotou no seu diario persoal que o galeguista fixo “un canto sentimental a la solidaridad entre todos los auténticos republicanos”. Arquivo Histórico Nacional, fondo Diego Martínez Barrio; legaxo 22, carpeta 103, apunte do diario persoal de Martínez Barrio correspondente ó 23 de xaneiro de 1947.

⁵⁴ NOIA, Camino, “Documento de Castelao sobre a caída do goberno Giral”, *A trabe de ouro*, núm. 12, outubro-novembro-dецembro 1992, p. 120. O documento reproducido neste artigo foi datado por Castelao en París o 15 de marzo de 1947 e enviado ós galeguistas do interior. Asemade, nos seus cadernos pessoais, Castelao fixo algúns apuntamentos sobre como se desenvolveron os consellos de ministros nos que se tratou de resolve-la crise do gabinete presidido por Giral. Vid. RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel, *Cadernos. Escolma (1938-1948)*, edición de Iris Cochón, Francisco Dubert, Alfonso Mato e Henrique Monteagudo, Galaxia, Vigo, 1993, pp. 82-85.

Efectivamente, Castelao quedou só no seu intento⁵⁵ de animar a Giral para que non cedese ante as presións exercidas polos socialistas. A ninguén se lle escapaba, tampouco ó dirixente galeguista, que a resolución da crise esixía optar entre unha das dúas alternativas que claramente se definían: mante-la República como principio irrenunciabile ou decantarse por un pacto coa monarquía, esto é, segui-la vía defendida polos socialistas que xa tiñan establecido contactos con Don Juan.

A linguaxe que o autor de *Sempre en Galiza* empregou na súa intervención resulta enormemente significativa. Por unha banda, o estilo e as referencias literarias delatan ó escritor que era Castelao. Por outra, destila o sentido simbólico e ata romántico do que estaban impregnadas moitas das ideas dos exiliados:

Reconozco que la retirada de los elementos disconformes ocasionaría al gobierno una mutilación no sólo dolorosa, sino muy peligrosa, y puedo jurarles a ustedes que a mí me dolería como al que más; pero tendríamos que soportarla estoicamente. Después de todo, Cervantes perdió un brazo y escribió el Quijote; Camoens, otro genio peninsular, perdió un ojo y escribió 'Os Lusíades'. Así, el gobierno puede presentarse mutilado ante los ojos que lo conocieron íntegramente constituído; pero aun así podrá escribir una página gloriosa. Como no podrá escribirla es si no se sabe resistir a una mutilación.

Permítanme solamente que yo incite al señor Giral a mantener el gobierno en pie, ampliándolo, si es posible, por la derecha y por la izquierda, intensificando la acción de todos los resortes ministeriales, tanto en el exterior como en el interior de España, manteniendo enhiesta la bandera republicana. Entiéndase bien: la bandera de los tres colores —rojo, amarillo y morado—, porque yo sé de republicanos que sólo lo son por amor propio y que llevan una banderita gualda y roja en el corazón... Mi actitud es netamente republicana, no solamente porque siento de verdad el republicanismo, sino porque al defender la República defiendo a mi tierra,⁵⁶ a mi pueblo, a mi Galicia, que es la razón suprema que me ha traído al Gobierno.

Esta declaración de fidelidade prestada a José Giral e á República resultou inútil. O consello de ministros do 27 de xaneiro foi o último presidido por Giral. En media hora a reunión tiña rematado. Castelao pechou o seu informe sobre a sesión con estas palabras: “Os ministros fomos saíndo da cámara mortuoria...”⁵⁷. Na súa opinión, asinárase a sentenza de morte das institucións da República no exilio.

55

O galeguista amosaría, con posterioridade, o seu malestar porque nin tan sequera os nacionalistas vascos apoiaran a súa postura. Este episodio ía contribuír, pois, a orixe do desencanto de Castelao fronte as relacións galeuzcanas. Asemade, cómpre lembrar que os galeguistas do interior tampouco compartían a opinión de Castelao de mante-la República como principio irrenunciabile para a restauración democrática en España.

56

Cit. por NÚÑEZ BÚA, Xosé, *op. cit.*, pp. 46-47.

57

NOIA, Camino, *loc. cit.*, p. 122.

De contado, Martínez Barrio abriu un período de consultas antes de encarga-la formación dun novo goberno. Foi requirida a opinión, entre outros, de Castelao que volveu en defensa de Giral e da súa política. Este é o texto, datado o 31 de xaneiro de 1947, que lle fixo chegar ó presidente da República:

Creo, en conciencia, que se ha cometido un gravísimo error al provocar la caída del Gobierno en las circunstancias presentes. Creo, igualmente, que se ha cometido una grave injusticia con el hombre que venía representando y dirigiendo la política ministerial en el instante más esperanzador de su gestión. Creo, en fin, que la política marcada por el Sr. Giral, Jefe del Gabinete dimisionario, es la única que deberá seguir el nuevo gobierno, si la flexibilidad exigida por algunos elementos no llega al extremo de abandonar los ideales republicanos.

Estimo, pues, que Don José Giral está en condiciones de presidir nuevamente el Gobierno, puesto que los causantes de su dimisión no representan una mayoría de votos en las Cortes de la República; pero si ello no fuese posible creo que debe remediarse la lamentable ausencia del Sr. Giral con persona de su misma filiación, bien probada en lides diplomáticas y parlamentarias, respetable y digna de recibir la herencia moral y política del presidente anterior.

El nuevo Gabinete debe ser la máxima representación del republicanismo español, sin que jamás caiga en exclusivismos ni preferencias partidistas, ampliándose con aquellos elementos decididamente antifranquistas que deseen colocarse al amparo de la bandera republicana. El nuevo Gobierno deberá intensificar, como ya está previsto por el Gobierno dimisionario, su acción sobre el interior de España, y no creo necesario aconsejar que se mantengan en el Gobierno las representaciones de Cataluña, Euzkadi y Galicia.⁵⁸

Finalmente, sería o socialista Rodolfo Llopis o novo presidente do goberno no que os comunistas tiveron unha representación, para sorpresa de todos, pois era ben coñecida a oposición do PSOE a este tipo de colaboración. Castelao prolongou a súa estada en París coa esperanza de que puidera ser chamado para incorporarse ó novo goberno, o que non sucedeu.

Ó analiza-la composición do gabinete presidido por Llopis, o presidente da República, Diego Martínez Barrio, anotou:

Gobierno de levantinos, porque de distintas regiones de Levante proceden los señores Llopis, Just, Valera y Santaló. Hay dos hombres del Norte, los señores Uribe e Irujo, y uno de la meseta, madrileño, el Sr. Gómez San José. Contra lo acostum-

58

brado, ni un gallego, ni un andaluz.⁵⁹ Aparentemente el hecho carece de importancia. Realmente y como síntoma, la tiene.

3. O REGRESO A BOS AIRES

Hoxe, Día de Galiza (25 de xulio de 1947) saímos de Marsella con rumbo a Bos Aires. O calor é atafegante e as augas do Mediterráneo están suxas. Eu síntome apreixado n-este ambiente moreno e desexo que o barco entre no mar ancho da liberdade. (...)

Nós non fuximos por medo, senón por saír do ostracismo en que vivimos un ano de inaiación e asco.⁶⁰

Este é un dos apuntes que figuran no caderno de notas que Castelao comezou a escribi-lo mesmo día que abandonou Francia. Servíndose duns poucos trazos, coma nos seus debuxos, describe a sensación de asfixia que lle producira “un ano de inaiación e asco”. Naquelas páxinas, plasmou as súas primeiras e breves impresións sobre as causas do fracaso do goberno Giral. Estas reflexións reaparecerán, con maior entidade, na correspondencia que mantivo con diversas persoalidades no meses seguintes.

Así, nunha carta a Irujo, datada en decembro de 1947, referíase a como, no contexto deseñado pola guerra fría, “al nuevo Occidente le interesa mantener a salvo del peligro soviético el gran muelle de Europa, es decir, la península ibérica, tanto por su posición geográfica de avanzada occidental, como por su influencia sobre América latina”⁶¹. Castelao situaba, pois, o problema español nun contexto internacional claramente adverso,⁶² posto que “persiste a mania de confundir aos republicáns hespaños cós comunistas”⁶². Pero este panorama non constituía, en opinión do galeguista, unha coartada que eximira de responsabilidades a aqueles que actuaran por “puro partidismo”: os socialistas. Indalecio Prieto volveu a converterse no centro de duras acusacións. Na súa opinión, a actitude que adoptara este político respondía a “maquiavelismos claudicantes”⁶³: vendérase ó goberno inglés e á monarquía.

⁵⁹ Arquivo Histórico Nacional, fondo Diego Martínez Barrio: legaxo 22, carpeta 103, apunte do diario persoal do presidente da República do 9 de febreiro de 1947.

⁶⁰ RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel, *Cadernos. Escolma (1938-1948)*, op. cit., p. 99.

⁶¹ Carta a Manuel Irujo, 6 de outubro de 1947. ANASAGASTI, Iñaki, *Crónicas. Castelao y los vascos*, Idatz Ekintza, Bilbao, 1985, p. 479.

⁶² Carta de Castelao a Alfredo Somoza, decembro de 1947. Cit. por SIXIREI, Carlos, op. cit., p. 81.

⁶³ Vid. RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel, *Cadernos. Escolma (1938-1948)*, op. cit., pp. 88-91.

Claudicación. Esta é a palabra na que residía, para Castelao, a clave do fracaso ó que acababa de asitir e que reaparece constantemente nos textos do galeguista a partir de 1947 ó lembrar estes episodios. Tratábase dun luxo que o republicanismo non podía permitirse, máis no exilio porque “un goberno extraterritorial, que non goberna e que sóio vive para soste un ideal ese debe ser constante ou renunciar ao ideal”⁶⁴. Castelao non proporcionaba ningunha marxe de confianza á alternativa que ofrecían os socialistas como contrapartida ó abandono dos principios republicanos, o que o conduce ó conyencimento dunha dolorosa realidade: “O noso desterro vai durar aínda moito tempo”⁶⁵.

A República, non xa en estado agónico, senón definitivamente morta, arrastrara —segundo o diagnóstico do político de Rianxo— o futuro das reivindicacións autonomistas de Galicia, que nunca foran ben recibidas en París. Unha certeza dolorosa, máis cando non se sentía responsable daquel fracaso:

A claudicación de moitos republicáns perxudica tamén ó republicanismo galego. Todo isto é verdade; pero é preciso lamentar o decaimento da República⁶⁶, porque nós pagarémolo, anque non-os alcance ningunha culpa do desastre.

CONCLUSIÓNS

Nos últimos parágrafos do segundo tomo de *Sempre en Galiza*, que nunca chegou a rematar, Castelao lamentábase de que nin sequera no exilio “onde todol-os dereitos son simbólicos, seguise en todo apoxeo a incomprensión dos repúblicos hispanos”⁶⁷. A modo de conclusión, cabe afirmar que o galeguista esperaba que a súa incorporación ó goberno Giral fora acompañada pola aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia, que tiña cumprido tódolos trámites establecidos pola Constitución. Ámbalas dúas circunstancias estaban estreitamente unidas na lóxica de Castelao, pero non coincidían cos proxectos de Giral. O presidente do consello de ministros non contemplou en ningún momento a posibilidade de facer realidade as reivindicacións galeguistas. Nada facía prever que tanto Izquierda Republicana, como o Partido So-

⁶⁴ Ibidem, p. 105. Xa antes da súa chegada a París, Castelao tiña afirmado que as “grandes potencias están facendo o que lles convén e non teñen porque facer o que nos convén a nós, estando, como estamos, en desacordo escandaloso. E, ao final, axudarannos si sabemos manernos en pé”. FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco, *op. cit.*, p. 174.

⁶⁵ Carta a Alfredo Somoza. SIXIREL, Carlos, *op. cit.*, p. 79.

⁶⁶ Ibidem, p. 103. Extraído dunha carta dirixida a A. Somoza en 20 setembro de 1948. Aínda que antes da súa designación como ministro, Castelao reclamara compartí-las responsabilidades de goberno, o galeguista consideraba que a súa actitude ante a crise do gabinete presidido por Giral eximíao de toda culpa polas consecuencias do episodio.

⁶⁷ RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel, *Sempre en Galiza*, *op. cit.*, p. 477.

cialista, as dúas forzas ás que Castelao responsabilizou dos obstáculos que a Segunda República tendera á autonomía galega, ían modifica-la súa actitude no exilio, sobre todo cando as prioridades eran outras ben distintas. Os republicanos non se amosaron dispostos a realiza-lo xesto simbólico que suporía a aprobación do Estatuto, senón simplemente a paga-las manifestacións de neta lealdade republicana do galeguista cunha cadeira ministerial no gabinete. E porque a medida ofrecía unha contrapartida moi útil para as intencións de Giral: non excluír ó nacionalismo galego, que contaba cunha importante forza en América, dun goberno que pretendía revestirse da maior representatividade posible.

Se ata daquela Castelao fixera depende-las aspiracións autonomistas galegas da sorte da República, a partir de 1947 invertiu os termos dese binomio. Castelao consideraba que o último y neto reducto do republicanismo residía nos galeguistas:

Eu sempre emparellei a Galiza coa República; pero hoxe nótase un desequilibrio entre os dous ideis, pois o republicanismo está estacionado, en tanto que o galeguismo púxose por enriba de todo, a tal extremo que eu me vin obrigado a decir, con aprauso d-unha gran concurrencia, que “o republicanismo galego xa non ten máis bandeira que a azul e branca de Galiza”.⁶⁸

En definitiva, o “peregrino da idea” chegou a París coas esperanzas postas en dúas causas: a República e Galicia, deixándose levar pola euforia compartida polo mundo do exilio, optando por “seguir navegando entre ficciones —escribira en xaneiro de 1946 a Aguirre— sin apartarme de la ruta que siguen todos”⁶⁹. Cando abandonou a capital francesa, convertérase nun descreído da primeira: “Yo, que tampoco creo en esos milagros, tengo que marcharme a donde haya trabajo para mí, pues ya no resisto más este paro forzoso”⁷⁰. Perdera a fe no milagre político dunha intervención das potencias occidentais no problema español e na capacidade de subsistencia duns republicanos claudicantes que terminaron por defender un pacto coa monarquía como vía para recupera-la democracia en España. A que nunca abandonou foi a súa fe cega na forza do galeguismo que acadara artellar en América, onde se trasladara o marco

68

Carta a Alfredo Somoza, 20 setembro de 1948. SIXIREI, Carlos, *op. cit.*, p. 103.

69

Carta a José Antonio Aguirre, 10 de xaneiro de 1946. ESTÉVEZ, Xosé, *op. cit.*, p. 243.

70

Ibídem, p. 256. Carta a José Antonio Aguirre, 21 de xullo de 1947. Na mesma carta, engadía: “Creo que la inutilidad de mi permanencia en este país pondría en peligro el avance del galleguismo en América, y fuerza será que me ponga de nuevo frente de aquel movimiento, para mejorarlo, consolidarlo y hacerlo valer y respetar”. A mesma idea aparece nunha carta que enviou, xa dende a capital arxentina, ó presidente da República o 24 de setembro de 1947: “Ya me tiene Vd. al otro lado del Atlántico, nuevamente incorporado a la colectividad gallega del Plata, reponiéndome de las tristezas sufridas y defendiéndome de los malos recuerdos que de ahí he traído. (...) Aquí los gallegos constituyen la mayor fuerza de la colonia española, y mi acción sobre ellos puede ser más beneficiosa de lo que algunos suponen”. ANASA-GASTI, Iñaki, *op. cit.*, p. 475.

espacial da súa “Galicia ideal, soñada e libre”⁷¹. Así é como Castelao se sobrepuxo á decepción política da súa etapa como ministro do goberno Giral ó abeiro da forza imperativa dos seus ideais: “Non-os queda máis que a xusticia da nosa causa e o espírito que algúns poidamos ter aínda para defendela”⁷². A frase pon de relevo como os prantexamentos republicanos e os de Castelao circulaban por vías paralelas condenadas a non cruzarse nen entenderse xamais. Os primeiros manexábanse no eido da política, mentres que o galeguista facíao no da ética e a moral. En efecto, nos textos de Castelao detéctase a confianza en que a simple enunciación dun problema e a súa solución verbal incide na realidade; a confianza en que a verdade ou xustiza dunha causa abonda para que esta triunfe e se imponga sobre unha realidade que, necesariamente, ten que dobregarse ante o peso dos ideais políticos. O artista tracionou ó político que lle correspondía ser en 1946.

A pregunta que agora quedaría pendente de resposta é ata que punto Castelao comprendeu o error de cálculo que supuxo non saber adaptar á conxuntura definida polo exilio a postura que mantivera inalterada dende os primeiros días da Segunda República ou se, polo contrario e de costas á lección que a súa estadía en París lle dera, continuou profesando o mesmo optimismo do que se afirmara posuidor na súa presentación ante as Cortes Constituíntes un día de setembro de 1931, a mesma fe na xustiza dos seus proxectos que sempre presentou dende un enfoque ético. Probablemente nin o propio Castelao coñecía a resposta. O escritor e político entraban, unha vez máis, en debate e a reflexión, expresada con toda ambigüidade, que extraeu da súa experiencia como ministro do goberno Giral fala por si mesma daquela contradicción que quizais nunca resolveu:

Ahora me dedico a preparar el terreno para cualquier nueva oportunidad que se le presente a Galicia, seguro de que habrá de presentársele, si bien para⁷³ aprovecharla ya no van a servir las tablas de valores morales que yo vengo usando.

Xaneiro de 1997

⁷¹ RODRÍGUEZ CASTELAO, Alfonso Daniel, *Cadernos. Escolma (1938-1948)*, op. cit., p. 102. Na carta xa citada enviada a Martínez Barrio en setembro de 1947, dicía: “Cuando estaba en París tenía la sensación de hallarme detrás de España y separado de Galicia por un abismo —el abismo que representa el reino de Franco—; pero en la Argentina me siento delante de España y en presencia de una Galicia ideal, que inclusive me consolaría de no poder regresar jamás a mi tierra. Aquí, pues, estoy donde debo estar”. ANASAGASTI, Iñaki, op. cit., p. 475.

⁷² SIXIREI, Carlos, op. cit., p. 79.

⁷³ Carta a Irujo, 15 de abril de 1948. ANASAGASTI, Iñaki, op. cit., p. 499.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Anasagasti, I., *Crónicas. Castelao y los vascos*, Idatz Ekintza, Bilbao, 1985.
- Blanco-Amor, E., “Prólogo”, en González López, Emilio, *Galicia, su alma y su cultura*, 2ª ed., Galicia, Buenos Aires, 1978, pp. 7-12.
- Carrillo, S., *Memorias*, Planeta, Barcelona, 1993.
- Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo e Villar Ponte, *Discursos parlamentarios (1931-1933)*, ed. de Xosé Lois García, do Castro, Sada-A Coruña, 1978.
- Congreso de los diputados. *Presidencia del Excmo. Sr. D. Luis Jiménez de Asúa. Extracto oficial de la sesión extraordinaria celebrada en la ciudad de México el miércoles 7 de noviembre de 1945*, núm. 72.
- Congreso de los diputados. *Presidencia del Excmo. Sr. D. Luis Jiménez de Asúa. Extracto oficial de la sesión ordinaria celebrada en la ciudad de México el viernes 9 de noviembre de 1945*, núm. 74.
- Díaz Pardo, I., *Galicia hoy y el resto del mundo: neomozárabes y neo-mudéjares a cien años del nacimiento de Castelao y a cincuenta de la guerra civil española*, do Castro, Sada-A Coruña, 1987.
- Estévez, X., *Antología del Galeuzca en el exilio, 1939-1960*, J.A. Ascunce, Donostia, 1992.
- Fernández del Riego, F., *O río do tempo. Unha historia vivida*, do Castro, Sada-A Coruña, 1990.
- Fernández Santander, C., *La persecución de Castelao durante el franquismo*, do Castro, Sada-A Coruña, 1986.
- Freixanes, V., *Unha ducia de galegos*, 3ª ed., Galaxia, Vigo, 1982.
- Gillespie, R., *Historia del Partido Socialista Obrero Español*, Alianza Editorial, Madrid, 1988.
- González López, E., *Memorias de un diputado republicano en la guerra civil española (1936-1939)*, do Castro, Sada-A Coruña, 1990.
- Heine, H., *A guerrilla antifranquista en Galicia*, 2ª ed., Xerais, Vigo, 1982.
- _____, *La oposición política al franquismo*, Crítica, Barcelona, 1983.
- _____, “La evolución política en Galicia (1939-1975)”, *Cuadernos de Ruedo ibérico*, núms. 51-53, maio-outubro de 1976, pp.21-49.
- Noia, C., “Documento de Castelao sobre a caída do goberno Giral”, *A trabe de ouro*, núm. 12, outubro-novembro- decembro 1992, pp. 113-130.
- Núñez Búa, X., *Vida e paixón de Castelao*, do Castro, Sada-A Coruña, 1986.
- Palmás, R., *Castelao: Prosa do exilio*, Patronato da Cultura, Montevideo, 1976.
- Paz-Andrade, V., *Castelao na luz e na sombra*, 2ª ed., do Castro, Sada-A Coruña, 1986.
- Piñeiro, R., “Da miña acordanza”, *Grial*, núm. 111, xullo-agosto- setembro 1991.
- Portela Valladares, M., *Dietario de dos guerras (1936-1950). Notas, polémicas y correspondencia de un centrista español*, ed. de José Antonio Durán, do Castro, Sada-A Coruña, 1988.

- Rodríguez Castelao, A. D., *Sempre en Galiza*, 3ª ed., Akal, Madrid, 1980.
- *Cadernos. Escolma (1938-1948)*, ed. de Iris Coshón, Francisco Dubert, Alfonso Mato e Henrique Monteagudo, Galaxia, Vigo, 1993.
- Sixirei, C., *Alfredo Somoza. Encadramento histórico dunha figura esquecida do galeguismo*, do Castro, Sada-A Coruña, 1987.
- Tusell, X., *La oposición democrática al franquismo, 1939-1962*, Planeta, Barcelona, 1977.
- Valle, J. M., *Las instituciones de la República española en el exilio*, Ruedo ibérico, París, 1976.